



Concello de Outes



CONVOCATORIA DE ADXUDICACIÓN DE USO DOS ESPAZOS DO CENTRO DE EMPREDEMENTO DE OUTES (CEO)

O Centro de Emprendemento de Outes (CEO) é un servizo municipal por medio do que se lles ofrece ás persoas emprendedoras do municipio un despacho de traballo dotado de mobiliario, conexión de internet a alta velocidade, sala de reunións, asistencia técnica e apoio no proceso de desenvolvemento e consolidación de iniciativas empresariais. A sede do Centro é no edificio municipal situado na Rúa da Capela nº 13 da Serra de Outes.

Teñen dereito a acceder ao CEO as persoas emprendedoras de Outes con iniciativas empresariais novas, que teñan menos de tres anos de actividade, así como os profesionais independentes de Outes que temporal ou ocasionalmente precisen dispoñer dos servizos do Centro.

As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes de uso das instalacións do CEO a través da sede electrónica municipal outes.gal ou presencialmente no rexistro municipal do Concello. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto de forma permanente dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria.

Na sede electrónica municipal dispoñen do modelo de solicitude e das Normas de funcionamento do CEO onde se lles indica a documentación complementaria esixida e poden consultar os criterios de adxudicación dos espazos e as instrucións sobre o uso das instalacións do Centro.

Con posterioridade a esta primeira convocatoria e trala súa resolución, poderanse presentar novas solicitudes en calquera momento e outorgaranse en función dos espazos dispoñibles. Para máis información, pódese contactar coa Axencia de Desenvolvemento Local na Casa do Concello (tfno.: 981850003; enderezo electrónico: carlos.rodriguez@outes.gal).

Outes, 23 de Novembro do 2021

O alcalde,

Manuel González López



Cod. Validación: 9MJR9XKSYPW9RZHW7JMF9W2N | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1